



Achegas da CIG-Ensino ao proxecto de Decreto polo que se regula a cobertura de diversas prazas en réxime de comisión de servizos por persoal funcionario docente que imparte as ensinanzas reguladas na LOE

Para a CIG-Ensino, as comisións de servizos deben ser un mecanismo totalmente excepcional e só se deben considerar naqueles casos en que sexa imposible cubrir o dito posto por outro sistema.

Artigo 1: Substituír por “profesorado de relixión”.

Artigo 3º.- Comisións de servizo de carácter xeral.

- **3.1.** Engadir despois de “Titular: **“e non haxa establecido procedemento ou listaxe de persoal da que tirar”**”.
- **3.2.** Suprimir ao inicio: “sen prexuízo das prórrogas que resulten procedentes”.
- **3.3.** Engadir **“...na planificación educativa, na seguinte convocatoria de destinos provisionais, e en todo caso na de concurso xeral ou específico de traslados, segundo proceda.”**

Estamos ante un procedemento excepcional e por tanto todas as prazas así cubertas deben ser ofertadas nos concursos que corresponden.

É excepcional calquera cobertura non recollida aquí, debe ser informada nas Xuntas de persoal docente.

Artigo 4.- Comisións de servizo por razón de saúde.

- **4.2.** Outros requisitos: Ter, se é o caso, destino definitivo a unha distancia superior a trinta km (actualmente son 50Km) da localidade que se solicita. Engadir ao final: **“e valoradas pola comisión”**. A distancia a 30 Km deberíase reducir só para cando o solicitante da comisión de servizos é o propio afectado.
Respecto do **apartado b)**: Hai que especificar que se terán en conta os casos sobrevidos, aos que non se lles debe esixir a participación no CXT.
- **4.3.** Estamos de acordo coa redacción deste apartado que vimos propoñendo nas reunións das comisións: **“Excepcionalmente, poderase autorizar a comisión de servizos por razóns de enfermidade grave dun familiar de segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando, ademais de concorreren as circunstancias relacionadas nos parágrafos anteriores, non exista ningún familiar de primeiro grao”**.

Artigo 5º.- Comisión de servizo por razón de conciliación da vida familiar e laboral.

- **5.1.-** Poderán solicitar esta comisión de servizos o persoal docente que reúna os seguintes requisitos:

- **Apartado 2:** suprimir “entidades ou empresas públicas ou privadas sen ánimo de lucro”. No caso das institucións especificar públicas e incluír Preescolar na Casa.

Artigo 14.- Comisións de servizo a petición recíproca:

- **14.1.** Modificar a redacción do seguinte xeito: “**poderán solicitar esta comisión de servizos, como norma xeral, ata tres funcionarios de carreira con destino definitivo ou provisional. Poderanse autorizar permutas de máis de tres sempre e cando os/as solicitantes sexan de especialidades que a comisión de avaliación considere como de mobilidade difícil**”. (Exemplo: especialidades con moi poucos funcionarios ou moi poucos centros para colocar: procesos comerciais, ...)
- **Apartado 3:** Engadir ao final: “Para tales efectos constituirase unha comisión da que formarán parte as OOSS desta Mesa Sectorial, quince días despois do CXT
- **14.4.c)** Ampliar a outros corpos: catedráticos de Música, artes escénicas e outros corpos.
- **14.7.** “O director xeral de centros e recursos humanos, con carácter xeral, resolverá favorablemente as solicitudes de comisión de servizo a petición recíproca” Este cometido deberá corresponderlle a unha comisión pois debe ser debidamente obxectivizado.
- **Requisitos para os solicitantes:**
 - Participar no Concurso de Traslados e non renunciar á localidade ou centro para o que solicita a permuta.
 - No caso de participantes no concurso de destinos provisionais, ter solicitado a localidade ou centros que lle foi adxudicado no concurso en postos posteriores á localidade ou centro para a/o que solicita a permuta.
 - Dereito á solicitala os interinos e interinas.

Artigo 16. Convocatorias específicas de comisións de servizo.

Suprimir as referencias ás entrevistas. É subxectivo, estamos en desacordo.

Artigo 17. Deberán constituírse comisións avaliadoras para todas as comisións, non soamente para algunhas. Naquelas comisións avaliadoras que teñan presenza sindical nas que a presidencia decida desdobrar en subcomisión, cada organización sindical poderá propoñer un membro por cada subcomisión que se estableza.

Artigo 18.- Persoal interino: engadir as de petición recíproca. Despois de “podendo concedérselle sempre que lle corresponda ser nomeado” engadir “**e desde que**” Ou sexa sempre que teña nomeamento e desde que o teña.

Artigo 19.2. Especificar que os que teñen prioridade son os que teñen comisión por enfermidade do funcionario ou funcionaria, antes dos de conciliación.

Artigo 19.3. Substituír “10 anos” por “**12 anos**”.

Artigo 20. Suprimir.

Disposición adicional primeira: Débese aclarar e regular definitivamente o acceso.

Disposición transitoria: Habería que aclarar esta transitoria.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2011.